

XXVII CERTAME DE POESÍA FRANCISCO AÑÓN

BASES

PRIMEIRA: Poderán participar tódalas persoas interesadas, de calquera nacionalidade, que presenten os orixinais escritos en lingua galega. Os textos deberán ser inéditos e non premiados noutros concursos.

SEGUNDA: Os traballos entregaranse en sobre pechado, ben en papel -orixinal e cinco copias-, CD-Rom ou ben nunha memoria USB (pen drive) en formato PDF ou DOC, DOCX, ODT, co epígrafe "XXVII Certame Francisco Añón de Poesía". Dentro deste sobre achegarase á súa vez un sobre pequeno —plica—, tamén pechado, no que figure o título da obra, a categoría na que participa e o lema ou pseudónimo do autor; e no seu interior recolleranse os datos persoais (nome, idade, enderezo, teléfono de contacto, centro de estudos, título da obra e lema ou pseudónimo, así como unha declaración xurada sobre a súa autoría e orixinalidade) e a fotocopia do DNI ou CIF. Tamén poderá achegarse unha certificación expedida pola secretaría do Colexio e/ou IES acreditando a data de nacemento do alumnado, neste caso non sería preciso achegar copia do DNI. Estes traballos recolleranse na Casa da Cultura, Avda. de San Campio, 1 – 15230, Outes (A Coruña). Tamén poden enviarse por correo ao devandito enderezo.

TERCEIRA: O prazo de presentación rematará o luns 3 de abril de 2023. Comenzando a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTA: Aqueles orixinais non premiados serán devoltos nun prazo de tres meses, previa solicitude por escrito. As devolucións efectuaranse aos propios autores/as ou persoa en quen deleguen aqueles (debidamente acreditada e coa correspondente autorización asinada), nas dependencias da Casa da Cultura de Outes. O Concello de Outes non se fará cargo dos custos de devolución. Transcorrido o dito prazo, os poemarios serán destruídos.

QUINTA: Establécense as seguintes categorías e premios por idades:

- **Categoría A: Nenos/as de 6 a 7 anos. Premios:**
1º Clasificado: Vale de 150 € en libros e publicación da obra galardoada.
Accésit: Publicación da obra.
- **Categoría B: Nenos/as de 8 a 9 anos. Premios:**
1º Clasificado: Vale de 180 € en libros e publicación da obra galardoada.
Accésit: Publicación da obra.
- **Categoría C: Nenos/as de 10 a 11 anos. Premios:**
1º Clasificado: Vale de 210 € en libros e publicación da obra galardoada.
Accésit: Publicación da obra.
- **Categoría D: Rapaces e rapazas de 12 a 14 anos. Premios:**
1º Clasificado: Vale de 240 € en libros e publicación da obra galardoada.
Accésit: Publicación da obra.
- **Categoría E: Mozos e mozas de 15 a 17 anos. Premios:**
1º Clasificado: Transferencia bancaria por valor de 480 € e publicación da obra galardoada.
Accésit: Publicación da obra.
- **Categoría F: Maiores de 18 anos. Premios:**
1º Clasificado: Transferencia bancaria por valor de 1500 € e publicación da obra galardoada.
Accésit: Publicación da obra.

*O importe dos premios estará suxeito á lexislación fiscal vixente.

SEXTA: Para a categoría E, as obras terán unha extensión mínima de 150 versos.

SÉTIMA: Para a categoría F, as obras terán unha extensión mínima de 200 versos.

OITAVA: Farase unha edición compilatoria na que se recollerán os textos galardoados en cadansúa categoría.

NOVENA: Establécese un período determinado de seis meses dende o 17 de maio ao 17 de novembro, para a comunicación das listaxes das trocas de libros correspondentes a cadansúa categoría.

DÉCIMA: Realizarase unha edición exclusiva co poemario galardoado co primeiro premio da categoría de maiores de 18 anos.

UNDÉCIMA: O xurado, que se dará a coñecer oportunamente, será nomeado polo Concello de Outes. O día 17 de maio de 2023, dentro dos actos conmemorativos do Día das Letras, farase pública a decisión do xurado nun acto no que, ademais da entrega dos premios, se celebrará a presentación dos libros correspondentes ao XXVI Certame Francisco Añón de Poesía, 2022 (compilatorio), así como da separata do libro gañador da categoría (F), "Cruz(eiro)" de Manuel López Rodríguez, publicado a través da editora Caldeirón.

DUODÉCIMA: A decisión do xurado será inapelable. A participación neste certame implica a aceptación das anteriores bases.



Concello de Outes